

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026121	IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas	Oleiros	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	1º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	21

## 1. Introducción

O IES Xosé Neira Vilas está nun medio de comunicación localcello de Oleiros, lindando coa Coruña. É un dos municipios da área metropolitana de A Coruña que se ten convertido nunha grande área residencial, cunha poboación de 36922 habitantes. A maioría do alumnado do centro vive en pisos ao longo da Nacional VI, cun nivel socioeconómico medio e baixo. Tamén conta cunha grande poboación de alumnos de orixe inmigrante, cunha economía moito máis precaria, salarios baixos e elevados índices de paro. No centro hai dende familias moi preocupadas polos estudos dos seus fillos, que xeralmente teñen aspiracións universitarias, ata as familias que ao proceder doutros contornos económicos, sociais e culturais ou ben teñen aspiracións máis limitadas a sobrevivir e darlles aos seus fillos unha saída profesional, ou ben teñen coma finalidade retornar aos seus países de orixe.

As aulas de 1º da ESO no IES contan con 23-25 alumnos, a maioría procedentes do CEIP Valle Inclán. Contan con corchos, encerado tradicional e outro dixital, proxector, ordenador de aula e conexión á wifi do centro. Todos os alumnos teñen ordenador propio froito do programa ABALAR.

A materia de Xeografía e Historia contribúe á percepción e á análise da realidade social. A comprensión do seu devir, a través do tempo e do espazo, e a análise do cambio como froito da acción humana implican concibir a aprendizaxe do alumnado como unha invitación ao coñecemento de si mesmo e do mundo que o rodea, á participación e ao compromiso social. Vivir en sociedade, interactuar na contorna e comprender como son as relacións que establecemos e as normas de funcionamento que as rexen resultan esenciais para que o alumnado poida asumir os seus dereitos e responsabilidades, exercitar a cidadanía e orientar o seu comportamento cívico.

Os contidos do 1º curso céntranse, por un lado, no coñecemento da xeografía física, coa capacidade para saber orientarse no espazo dende un nivel máis micro ata un nivel global, a biodiversidade e os problemas medioambientais ós que asistimos na actualidade. Ademais ten grande importancia aprender a usar distintas ferramentas, desde os mapas ata os GPS. En canto ós coñecementos históricos, aborda a historia inicial da Humanidade desde a súa orixe na Prehistoria, a expansión do ser humano polo mundo, o Neolítico, as primeiras cidades do Próximo Oriente e a cultura grecolatina, facendo fincapé na historia particular da Península Ibérica e de Galicia ata a Idade Media. Céntrase tanto na comprensión da cronoloxía como dos diferentes modos de vida, que poden ampliar as perspectivas do alumnado.

Estes contidos estrutúranse en 3 bloques: "Retos do mundo actual", o que fai fincapé na comprensión do medio xeográfico e dos desafíos que trae a relación do ser humano coa natureza na actualidade; "Sociedades e territorios", que integra contidos que contribúen a explicar a evolución das sociedades ao longo do tempo e do espazo, comparándoas coa sociedade actual para comprender o seu devir; e "Compromiso cívico local e global" no que se acentúan o sentido da responsabilidade e os valores democráticos do alumnado deste nivel, que se traballará de forma transversal.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.			5	4	2-5	1-2-3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O Planeta Terra e a súa representación	Veremos a situación da Terra dentro do sistema solar, a súa formación e movementos, e achegarémonos á súa representación a través do estudo e realización de mapas e o uso das TIC (GPS, cartografía dixital, etc).	11	11	X		
2	O Relevo	Trataremos a formación do relevo continental e oceánico, as distintas unidades e as diferenzas entre elas, e achegarémonos ao relevo continental.	11	11	X		
3	As augas da Terra	Veremos as características das masas de auga do planeta e a súa importancia e centraremos no estudo dos cursos fluviais.	11	11	X		
4	O clima e a paisaxe	Trataremos as diferenzas climáticas na Terra e a paisaxe como resultado da interacción entre todos os seus elementos físicos e humanos.	11	11		X	
5	Natureza e sociedade	Achegarémonos á relación entre o ser humano e o medio ambiente.	11	14		X	
6	A Prehistoria	Primeira unidade de historia, aborda as orixes do ser humano e a nosa evolución ata as prostimerías da invención da escritura.	12	14		X	
7	As primeiras cidades	Trata o xurdimento das culturas urbanas no Próximo Oriente entre finais do Neolítico e a Idade do Ferro.	11	11			X
8	Grecia antiga	Aborda as particularidades da cultura grega clásica e a súa influencia no Mediterráneo.	11	11			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	O mundo romano	A última unidade do curso tratará a construción da sociedade romana e a súa influencia na historia posterior de Europa e o mundo mediterráneo, con especial fincapé na Península Ibérica e Galicia. Por último trataremos a fin deste mundo e o tronso da Idade Antiga á Idade Media (Antigüedad Tardía).	11	11			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O Planeta Terra e a súa representación	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elabora sínteses sobre fenómenos xeográficos globais.	PE	70
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Reflexiona a partir de varias lecturas da diversidade e riqueza no planeta.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX).</li> <li>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.</li> <li>- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.</li> <li>- Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	O Relevo	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Representa elementos da xeografía física nun mapa mudo.	PE	70
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Reflexiona a partir de varias lecturas da diversidade e riqueza no planeta.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia.</li> <li>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.</li> <li>- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.</li> <li>- Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	As augas da Terra	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos inductivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Elabora e interpreta distintos tipos de gráficos e imaxes.	PE	70
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Reflexiona a partir de varias lecturas da diversidade e riqueza no planeta.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.</li> <li>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.</li> <li>- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.</li> <li>- Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	O clima e a paisaxe	11

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Elabora sínteses e pequenos traballos a partir do aprendido na clase.	PE	70
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Identifica os principais problemas do mundo actual e idea propostas para facerlles fronte.		
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Recoñece os elementos da paisaxe local nun mapa e nunha fotografía e as súas interrelacións.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia.</li> <li>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.</li> <li>- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.</li> <li>- Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Natureza e sociedade	14

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Analiza varios problemas medioambientais e relacións co aprendido en clase	PE	70
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Distingue os ámbitos de actuación prioritarios dos ODS e fai propostas prácticas de aplicación a partir de casos reais		
CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Coñece as propostas de distintas organizacións para facer fronte aos problemas actuais	TI	30
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflictan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Identifica os principais problemas do mundo actual e idea propostas para facerlles fronte.		
CA3.8 - Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demais e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal.	Crea composicións escritas nas que sinteticos os coñecementos adquiridos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Emerxencia climática: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas. Métodos de recollida de datos meteorolóxicos e interpretación de gráficos. Riscos e catástrofes climáticas no presente, no pasado e no futuro. Vulnerabilidade, prevención e resiliencia da poboación ante as catástrofes naturais e os efectos do cambio climático.</li> <li>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.</li> <li>- Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios.</li> <li>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.</li> <li>- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.</li> <li>- Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	A Prehistoria	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Ordena as etapas históricas e entende como se escribe a Historia. É capaz de indicar algunha fonte para facer Historia.	PE	70
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Recoñece as principais manifestacións artísticas do período estudado na Península Ibérica		
CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Recoñece diferenzas e semellanzas entre distintos períodos históricos, e entre estes e o presente.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.</li> <li>- As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo.</li> <li>- Análise interdisciplinar da orixe do ser humano e do nacemento da sociedade. Grandes migracións humanas e o nacemento das primeiras culturas.</li> <li>- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.</li> <li>- España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas.</li> <li>- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.</li> <li>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.</li> <li>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.</li> <li>- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.</li> <li>- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.</li> <li>- Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	As primeiras cidades	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal.	Recoñece diferenzas e semellanzas entre distintas culturas da historia	PE	70
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Recoñece as principais manifestacións artísticas do período estudado		
CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando.	Contesta e identifica cunha certa claridade a cuestións sobre a organización social, as institucións e as mentalidades	TI	30
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Expresa as súas ideas na aula de forma respectuosa cos compañeiros		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización.</li> <li>- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.</li> <li>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.</li> <li>- Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural.</li> <li>- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.</li> <li>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.</li> <li>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.</li> <li>- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.</li> <li>- Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Grecia antiga	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Sinala distintos elementos nun mapa mudo e relaciónaos co aprendido	PE	70
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Sinala as causas das discriminacións		
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Recoñece as principais manifestacións artísticas do período estudado		
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elabora sínteses sobre fenómenos históricos	TI	30
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	De xeito suficiente e comprensible fai un resumo tras a lectura, visualización, proxección dunha breve reseña histórica de España e Galicia na Idade Antiga		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino svevo.</li> <li>- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión.</li> <li>- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.</li> <li>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.</li> <li>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.</li> <li>- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.</li> <li>- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.</li> <li>- Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	O mundo romano	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	De xeito suficiente e comprensible fai un resumo tras a lectura, visualización, proxección dunha breve reseña histórica de España e Galicia na Idade Antiga	PE	70
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construindo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Recoñece diferenzas e semellanzas entre distintos períodos históricos, e entre estes e o presente.		
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Recoñece as principais manifestacións artísticas do período estudado na Península Ibérica		
CA3.6 - Argumentar e intervir sobre a igualdade real de homes e mulleres actuando en contra de calquera actitude e comportamento discriminatorio por razón de xénero.	Sinala as causas das discriminacións e da desigualdade entre homes e mulleres	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras.</li> <li>- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino svevo.</li> <li>- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión.</li> </ul>

## Contidos

- As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea.
- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións.
- España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas.
- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respeto e conservación do patrimonio material e inmaterial.
- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.
- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.
- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.
- Conciencia ambiental. Respeto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.
- Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada á hora de traballar no curso de terceiro os contidos da materia debe permitir que o alumnado adquiera o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo para que poida establecer relacións e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente. Unha vantaxe da Xeografía e Historia é que o alumnado adoita a ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitalos para favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe, actuando o profesorado de guía e propiciador do progreso dos saberes.

As unidades temáticas do curso poden abordarse desde unha perspectiva cronolóxica, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal.

Segundo a máxima de que se aprende facendo, é recomendable o emprego de metodoloxías abertas, flexibles e activas que poñan ao alumnado no reto de resolver as tarefas encomendadas que conduzan a aumentar o seu interese, a súa motivación e a súa autonomía. Neste aspecto é viable aplicar neste curso diversos métodos como o traballo por proxectos; a clase invertida; aprendizaxe baseada no xogo ou baseada nun problema, etc. Todos eles propician que o alumnado traballe e afonde nas súas competencias e se lle valoren os progresos e non só os resultados.

En efecto, diversificar as metodoloxías segundo a Unidade a traballar, ademais de romper coa rutina, vai axudar a que a docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar, así mesmo, as dificultades de aprendizaxe que aparezan e aplicar, en consonancia, os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...).

Por medio de actividades como o deseño de rutas, investigacións sobre temas curriculares; redacción de pequenos comentarios históricos e artísticos, exposicións orais, debates, plantexamento de retos e, sobre todo, lectura de diversos textos e fontes incentívase a iniciativa, a creatividade e o emprendemento do alumnado facendo que se sinta parte activa do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O emprego de mecanismos como a entrevista nun medio de comunicación local formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas, poñerse "en situación de" .... facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.

Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo (constrúe unha historia, adiviña quen son, ordena a historia, resolve e soluciona...) xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Poden propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interacción entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión do contido nun medio de comunicación locais contidos.

Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxe, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintas estratexias que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado para que adquiran autonomía e aprendan por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Así pois, a innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas e uEntrevista nun medio de comunicación localindireccionais que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as súas habilidades, destrezas e intereses.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Edixgal
Apuntamentos da docente
Escolma de fontes históricas e xeográficas
Caderno do alumnado
Material audiovisual

O alumnado terá en Edixgal e no seu caderno as súas ferramentas principais de traballo. Os contidos completaranse coas fontes e recursos dispoñibles nos muros dixitais das distintas unidades. A profesora preparará apuntamentos de cada tema, que estarán dispoñibles en Edixgal. Complementaranse con recursos audiovisuais, ferramentas para o estudo xeográfico e distintas lecturas ao longo do curso. O alumnado realizará as súas producións en edixgal e nun caderno propio.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos/das alumnos e alumnas. Así mesmo permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula.

Así mesmo é preciso unha proba diagnóstica ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes. Dita proba inicial realizarase axustándose a cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test, enunciados de verdadeiro falso, tormenta de ideas, entrevistas, asembleas, redaccións, visualización comentada de pequenos audiovisuais, pescudas....

Por último, é preciso sinalar que estas probas iniciais non teñen por que ser valoradas numericamente xa que non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>12</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	70	70	70	70	70	70	70	70	70	<b>70</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	30	30	30	30	30	30	30	30	30	<b>30</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación será continua. O primeiro curso comprende 24 C.A distribuídos e axustados a cada unha das 9 U.D e, nesta programación, o 70% dos criterios de avaliación serán avaliados por medio de probas escritas e o outro 30% mediante táboas de indicadores. A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser tipo test; de desenvolver; de relacionar conceptos; de identificar e comentar imaxes; de definir termos; etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consecuencia cuns criterios obxectivos que a docente debe ter previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos; informes e redaccións; presentacións en ordenador; cadernos e cartafol; resumos; pósteres; exposicións orais, etc. Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa. Cada rúbrica terá uns parámetros para a súa avaliación pero a nota expresárase sempre entre o 0 e o 10.

A nota da avaliación será o resultado de:

Nota avaliación= [ (Media probas escritas x 70)+ (Media táboas de indicadores x 30)] / 100.

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é igual ou superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se a docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.

Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de:

Nota final= [(Nota 1ª aval.) + (Nota 2ª aval.) + (Nota 3ª aval.)] / 3.

Se o resultado final non chega a un 5 o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba final en xuño dos contidos das avaliacións suspensas. Consistirá nunha proba escrita final na que se examinarán todos os criterios de avaliación das unidades didácticas que non foron superadas. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 0-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

O alumnado deberá ter claro que calquera proba escrita ou traballo na que se detecte copia ou emprego dun medio fraudulento será avaliada automaticamente cun 0.

### Criterios de recuperación:

Farase unha proba escrita de recuperación por trimestre sobre as preguntas propostas pola docente e que foron previamente traballadas polo/a alumno/a que se cualificará nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor). Tamén deberá entregar os exercicios avaliados por rúbricas que non entregara no prazo indicado.

Levarase a cabo un redondeo da cualificación e este será á alza cando o decimal é superior a 5 ou á baixa cando o decimal sexa menor de 5. A avaliación considerárase aprobada cando se obtén 5 ou máis.



No caso de que non se recupere a avaliación, o alumnado poderá someterse a outra recuperación cando o docente o considere pertinente consistente na realización dun exame escrito puntuado nunha escala de 1 a 10 e sobre as preguntas mandadas realizar polo/a profesor/a no inicio do plan de recuperación, non tendo que presentar o traballo se este xa foi entregado, en caso contrario, si debe adxuntalo de novo.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 establece o Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar. Nel indícase que o alumnado deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias non superadas, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

Entrevista nun medio de comunicación local

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- g) Acreditación da información á familia.

Segundo o indicado, o alumnado coa materia pendente será convocado ao inicio do curso para explicarlle o plan de recuperación. Este consistirá na elaboración dun cartafol de traballo baseado en tarefas a través das cales se traballan as competencias básicas.

O alumno/a será guiado regularmente polo/a profesor/a, o que permitirá facer un seguimento do seu traballo e aclarar as dúbidas que se lle presenten.

A valoración do cartafol suporá o 100% da cualificación. Porén, non caso de non ser entregado dito traballo, o alumnado poderá realizar unha proba escrita que será o 100% da nota.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda.

Entrevista nun medio de comunicación local

Para a nota final de curso será o resultado de:  $\text{Nota final de curso} = (\text{Nota 1ª metade} + \text{Nota 2ª metade}) / 2$ .

Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis: Entrevista nun medio de comunicación local  
Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe Entrevista nun medio de comunicación local levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerlo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotivarse máis.

Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

Contéplase tamén un Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

De ser necesario, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades d'Entrevista nun medio de comunicación local alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado incluírá, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para Entrevista nun medio de comunicación local o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión oral e escrita	X				X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual e TIC	X		X	X	X			X
ET.3 - Educación afectiva e sexual					X	X	X	X
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.6 - Educación para a paz				X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión oral e escrita	X
ET.2 - Comunicación audiovisual e TIC	
ET.3 - Educación afectiva e sexual	X
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.5 - Igualdade de xénero	X
ET.6 - Educación para a paz	X

#### Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita, tan importantes nesta etapa e na nosa materia. Entrevista nun medio de comunicación local Tamén a educación cívica, a igualdade, o coidado das persoas e do medio ambiente e a educación para paz serán un pilar prioritario nesta materia e neste curso xa que gran parte dos temas curriculares xiran arredor destes aspectos.

Así mesmo, a comunicación audiovisual será aproveitada dun xeito responsable en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente e ao desenvolvemento das competencias das TIC do alumnado.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Excursións de interese didáctico	Realizarase unha excursión na que se traten contidos de xeografía física e o alumnado realizará un traballo sobre o aprendido		X	

#### Observacións:

Estas actividades inclúen 3 fases:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.

-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.

-Xa na aula unha terceira fase para comprobar o resultado da experiencia e compartir valoracións.

As actividades complementarias poderanse ver enriquecidas ao longo do curso, en especial aquelas propostas en colaboración con outros departamentos.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Demostra coñecemento actualizado da materia
Planifica as leccións, ensina e avalía de xeito ordeado
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Crea ambiente de aprendizaxe
Emprega variedade de recursos
Motiva ao alumnado
Explica con claridade e resolve dúbidas
Revisa a realización das tarefas propostas
Valora o esforzo
O nivel de dificultade adecúase ás características do alumnado

### Descrición:

Ademais da avaliación do alumnado, debemos ter en conta a nosa práctica docente e do proceso de ensino, pois os resultados de aprendizaxe dos alumnos dependerán en boa medida da calidade de ambas. A avaliación da PD comezará a partir da avaliación inicial do alumnado, revisándose ó comezo do curso e trimestralmente. Centrarase nos resultados académicos do alumnado, na relación docente-alumnos, a adecuación da metodoloxía ó contexto do centro e a aula, a convivencia e a relación coas familias e cos restantes membros da comunidade educativa. De ser necesario tras estas revisións incluíranse modificacións, que poden implicar adecuar as actividades ó nivel competencial do alumnado (sobre todo as que impliquen un bo nivel na CD, como o uso da aula virtual).

Ademais da nosa autoavaliación, realizarase unha coavaliación cos demais membros do departamento de Xª e Hª e co titor do grupo, que se realizará de forma trimestral e ó remate do curso. Por último, o alumnado tamén terá voz na avaliación da práctica docente. No remate do curso cubrirá un cuestionario anónimo.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da PD comezará a partir da avaliación inicial do alumnado, revisándose ó comezo do curso e trimestralmente. Centrarase nos resultados académicos do alumnado, na relación docente-alumnos, a adecuación da metodoloxía ó contexto do centro e a aula, a convivencia e a relación coas familias e cos restantes membros da comunidade educativa. De ser necesario tras estas revisións incluíranse modificacións, que poden implicar adecuar as actividades ó nivel competencial do alumnado (sobre todo as que impliquen un bo nivel na CD, como o uso da aula virtual).

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens por avaliación trimestral, recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Toda esta información, xunto coa referida aos contidos, metodoloxía, avaliación, etc., será valorada polo docente e os/as membros do Departamento indicando, sobre todo, as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.). De todo isto se elaborará un informe detallado nas actas do departamento.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora que fosen necesarias

poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a programación á temporalidade e á realidade.

## **9. Outros apartados**